


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 26/11/2020 13:35:20


SAIDA 14865/20




Reclamante:   
Expediente. Nº RSCTG 105/2020

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por , mediante escrito do 5 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, de acceso aos nomes e cualificacións profesionais dos e das profesionais que forman parte da Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade, adscrita ao Servizo de Endocrinoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela; e creada por Orde de 16 de outubro de 2017.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia do envío da súa solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 13 de outubro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de outubro de 2020.

**Terceiro.** Con data do 11 de novembro de 2020, a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo informe e copia da solicitude presentada polo interesado.

A Consellería informa que o interesado presentou unha solicitude con data do 2 de novembro de 2018, que se resolveu, e contra a que o interesado presentou reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia. A Comisión, ditou Resolución de data 7 de decembro de 2018, estimando a reclamación presentada polo interesado, no senso de que se lle facilite a identificación e cualificación dos profesionais que forman parte da Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade.

Dado que tal e como indica a resolución, a información solicitada pode afectar a dereitos e intereses de terceiros, debe concederse aos profesionais que forman parte da unidade un prazo de audiencia para formular as alegacións que estimen oportunas, e, no seu caso, proporcionar ao solicitante a información da súa cualificación profesional unicamente referida á que fora esixida como requisito imprescindible para formar parte da dita unidade.

Á vista da nova solicitude presentada polo interesado, a Consellería procederá a facilitar a información nos termos indicados pola Comisión de Transparencia, se ben con carácter previo, e como determina a propia Comisión, se procederá a dar audiencia aos profesionais que forman parte da unidade para que formulen as alegacións que estimen oportunas.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que debe admitirse esta por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou á Consellería de Sanidade información referente aos nomes e cualificacións profesionais dos e das profesionais que forman parte da Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade, adscrita ao Servizo de Endocrinoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

A dita solicitude, xa fora presentada polo interesado no ano 2018, e ante a falla de resolución por parte da Consellería, o interesado presentou reclamación ante a Comisión da Transparencia (expediente RSCTG 114/2018). A dita reclamación foi resolta con data do 7 de decembro de 2018, instando á Consellería a facilitar a información sobre a cualificación profesional, unicamente a referida á que fora esixida como requisito imprescindible para formar parte da dita unidade, previa apertura de trámite de audiencia.

A pesar da resolución da Comisión da Transparencia, a Consellería non abriu o trámite de audiencia, e non remitiu a información ao solicitante, incumprindo a resolución ditada por esta Comisión. Debe lembrarse á Consellería de Sanidade, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de prestar a colaboración necesaria a esta Comisión,

obriga entre a que se inclúe a de dar cumprimento ás resolucións que se diten en materia de acceso á información.

Ante a falla de contestación da Consellería, o interesado presentou nova solicitude con data do 30 de xaneiro de 2020, sen obter resposta.

Debe lembrarse así mesmo que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, debendo a Consellería de Sanidade proporcionar a información ao interesado, previa audiencia ás persoas que forman parte da Unidade, dissociando se procede, os datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei).

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 5 de outubro de 2020, desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, de acceso aos nomes e cualificacións profesionais dos e das profesionais que forman parte da Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade.

**Segundo:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, unha vez finalizado o prazo de alegacións aos interesados, nun prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses<sup>1</sup>, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:  
S6500009C)

Fecha: 2020.11.26 08:41:22 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**

---

<sup>1</sup> Debese ter en conta que de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os prazos procesuais están interrompidos e suspendidos para todas as ordes xurisdicionais, ata que non que perda vixencia o citado Real Decreto, renovándose o cómputo de prazos nese momento.